



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

## A 'Escola do espectador nas ondas' do FIOT acolle este sábado unha conversa aberta ao público entre Chévere e Pont Flotant

O Salón social do Pazo da Cultura acollerá a partir das 13.00 horas o encontro, que conducirá a xornalista cultural Machús Osinaga

O VI Certame Metro Cadrado ofrecerá as estreas absolutas de 'Xeografía dos corpos' baixo a ponte do Parque do Anllóns e de 'Homeless' no escaparate dunha tenda deportiva

O FIOT avanza no seu compromiso coa accesibilidade e programa esta fin de semana, no marcoda Rúa dos Contos, a peza 'Contando polos dedos', con Quico Cadaval e Chusa Pérez, unha obra inclusiva que se representará en galego e lingua de signos

**Carballo, 21 de outubro de 2022.** - O Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo celebrará esta fin de semana unha nova sesión da **Escola do espectador nas ondas**, os encontros promovidos polo FIOT entre público, artistas e xornalistas especializadas en artes escénicas para promover a comprensión e o análise dos espectáculos que conforman a programación do festival. O Salón social do Pazo da Cultura de Carballo acollerá este **sábado 22, ás 13.00 horas**, unha conversa aberta ao público que conducirá a xornalista cultural de RTVE **Machús Osinaga** (La Mandrágora, Atención Obras, Cine de Barrio) e que contará coa participación da compañía valenciana Pont Flotant e da galega Chévere.

O encontro, **aberto ao público**, contará con petiscos e grolos para as e os asistentes, e permitirá ao público coñecer de primeira man **'Eclipse total', o novo traballo de Pont Flotant que se estrea este sábado en Galicia** no marco do programa de Sala do FIOT, ou **'Pequenas mentiras para contar grandes verdades', a conferencia performativa que Patricia de Lorenzo** (Xograresa de Outono 2019) presentará o vindeiro venres 28 no OTNI e no que aborda o proceso de reacción dalgunhas das personaxes que interpretou en Chévere.

Este mesmo sábado 22 o público do FIOT tamén poderá gozar con novas propostas do **VI Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**, a liña de programación que promove a creación de pezas escénicas experimentais en espazos non teatrais e singulares de Carballo. Desta quenda serán dúas estreas absolutas: 'Xeografía dos corpos', da Compañía Ánxela Blanco, un espectáculo de danza-circo creado por Ánxela Blanco e Simone Romanò que se poderá ver baixo a ponte do Parque do Anllóns; e 'Homeless', peza qde Mónica Paradela que emprega o texto e as habilidades circenses para presentar o auxe e caída dunha deportista de élite, e que se poderá ver no escaparate da tenda Zocas. Ambas obras contarán con catro pases (13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas).

Xa pola noite o Mercado municipal acollerá unha nova función do ciclo de Narración Oral Rúa dos Contos, que este ano rende homenaxe a Pedro Brandariz. Será a quenda de **'Contando polos dedos', un espectáculo accesible** para persoas ouvintes, xordas, interesadas na lingua de signos e ou nas capacidades expresivas desta fala en Galicia. Unha creación de palabras e sinlencios, na que Quico Cadaval e Chusa Pérez Vallejo retoman unha colaboración dos anos 90 e voltan con estas dúas maneiras de contar: pola boca e polos dedos.

A programación da fin de semana pecharase cunha das xoias da escena teatral alternativa: 'Freak', de Amor Producciones, baseada no texto da dramaturga Anna Jordan. Baixo a dirección de Paula Amor, a proposta -enmarcada no ciclo OTNI- é unha peza de teatro social sobre a feminidade que se converteu en toda unha referencia internacional pola súa maneira de abordar a sexualidade.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

## **AXENDA FIOT31 SÁBADO 22 E DOMINGO 23**

### **Sábado 22 de outubro**

**13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas baixo a ponte do Parque do Anllóns**

Metro Cadrado | 'Xeografía dos corpos', da Compañía Ánxela Blanco **(ESTREA ABSOLUTA).**

**13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas no escaparate da tenda Zocas**

Metro Cadrado | 'Homeless', de Mónica Paradela **(ESTREA ABSOLUTA).**

**13.00 horas no Pazo da Cultura | Salón social**

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Machús Osinaga e membros de Pont Flotant (Jesús Muñoz e Àlex Cantó) e do Grupo Chévere (Patricia de Lorenzo e Xesús Ron).

**20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio**

Programa de Sala | 'Eclipse total', de Pont Flotant **(ESTREA EN GALICIA).**

**23.00 horas no Mercado municipal**

Rúa dos Contos | 'Contando polos dedos', de Quico Cadaval e Chusa López Vallejo **(EN GALEGO E LINGUA DE SIGNOS).**

### **Domingo 23 de outubro**

**20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio**

OTNI | 'Freak', de Amor Producciones.

**Contacto de prensa | [comunicacion@fiot.gal](mailto:comunicacion@fiot.gal)**

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

**Sala de prensa #FIOT31 | [www.fiot.gal/prensa](http://www.fiot.gal/prensa)**